

MUSEO UNIVERSITARIO A DOMUS DO MITREO

Material didáctico ESO



MUSEO
UNIVERSITARIO
A DOMUS
DO
MITREO

Escravos e libertos en Roma

Na sociedade romana non todos tiñan os mesmos dereitos. Os estratos superiores eran os dos senadores e cabaleiros, persoas ricas e de gran prestixio. O resto dos cidadáns tiña plenos dereitos políticos, pero a súa riqueza e ocupacións eran moi diversas, con grandes diferenzas entre eles. Os dous grupos inferiores eran os dos escravos e libertos.

Fai clic [aquí](#) para ver a organización social en Roma.



CIDADÁNS

Eran libres e tiñan dereitos: participar en política, casar, facer testamento...



LIBERTOS

Son escravos liberados polos seus amos, teñen dereitos políticos limitados.



ES CRAVOS

Prisioneiros de guerra, fillos de escravos, delincuentes ou persoas con débedas.

Vida de escravo

Os escravos non tiñan dereitos e pertencían aos seus donos, pero a súa situación persoal era moi variada, dependía dos seus amos e do tipo de traballo que realizasen.



En xeral os escravos que traballaban nas minas ou como gladiadores eran os que tiñan unha peor situación. Sabemos que nalgúns casos eran maltratados e e víanse obrigados a levar cadeas ou colares identificativos como os que ves aquí. Por iso se rebelaron en varias ocasións, especialmente nos primeiros anos do Imperio.



- Visita esta [ligazón](#) e responde as preguntas: Como se chamaba o líder da máis famosa rebelión dos escravos romanos? A que se dedicaba este líder? Tivo éxito a rebelión?



- Mira as escenas de arriba e conta como podía ser un mal día para un escravo Que tarefas fixo? como o trataron? Que podía pasarlle se tentaba fuxir?



Vida de liberto

Os escravos podían conseguir a súa liberdade a cambio de diñeiro ou a través dos seus méritos. En xeral os escravos especializados nun oficio conseguían a liberdade máis facilmente. De feito algúns foron médicos, banqueiros ou funcionarios públicos e contaron co respecto e afecto dos cidadáns. Outros, como os gladiadores, levantaban auténticas paixóns entre homes

e mulleres e así nolo demostran os graffiti de Pompeia como o que ves aquí. Unha vez ceibes, os escravos obtiñan algúns dereitos, pero adoitaban seguir desempeñando o mesmo oficio e mantiñan unha relación estreita co seu antigo amo.



- Le as afirmacións sobre escravos e libertos e di se son verdadeiras ou falsas. Despois comproba as túas respostas na folla de solucións.

É VERDADE QUE...	VERDADE	FALSO
Os libertos podían casar con persoas libres?		
Os libertos podían chegar a ser senadores?		
Os escravos podían viaxar sós polo Imperio?		
Os libertos non podían votar?		
Na antiga Lugo viviron escravos que viñan de Italia e outras provincias do Imperio?		
Os libertos seguían vivindo cos seus antigos amos?		
Os libertos podían deixar herdanza?		
En Lucus Augusti viviron escravos que se dedicaban á administración pública?		
O centurión que viviu na Domus do Mitreo liberou a dous dos seus escravos?		

Explora a sociedade romana



Se queres atopar máis información sobre a sociedade romana visita estas ligazóns:

COMO LOITABAN OS GLADIADORES


A VIDA COTIÁ EN ROMA

OS DEREITOS DOS LIBERTOS EN ROMA

QUEN ERAN OS GLADIADORES

A páxina web da Domus

Na nosa web vas poder atopar outras fichas




A web da Domus do Mitreo lévate nunha viaxe a través do tempo para amosarche o pasado de Lugo. Nela podes atopar vídeos sobre o Lugo romano e descubrir como

se vivía nunha domus romana. Tamén podes coñecer o deus Mitra e ver a súa historia contada de xeito sorprendente. Prepárate para mergullarte na historia.

	FALSO	VERDADE	É VERDADE QUE...
	x	x	Os libertos podían casar con persoas libres?
	x	x	Os libertos podían chegar a ser senadores?
		x	Os escravos podían viaxar só polo Imperio?
		x	Os libertos non podían votar?
		x	Na antiga Lugo viviron escravos que viñan de Italia e outras provincias do Imperio?
		x	Os libertos seguían vivindo cos seus antigos amos?
		x	Os libertos podían deixar herdanza?
		x	En Lucus Augusti viviron escravos que se dedicaban á administración pública?
		x	Centurión que viviu na Domus do Mitreo liberou a dous

- **Visita esta ligazón e responde as preguntas: Como se chamaba o líder da máis famosa rebelión dos escravos romanos? A que se dedicaba este líder? Tivo éxito a rebelión?**
O líder da rebelión chamábase Espartaco, era un gladiador. A rebelión non tivo éxito e os escravos foron castigados polas autoridades romanas.
- **Oltra as escenas de arriba e conta como podía ser un mal día para un escravo Que tarefas fixo? como o trataron? Que podía pasarlle se tentaba fixir?**
Nun mal día un escravo podía realizar os traballos máis pesados, como arar a terra, regar e transportar produtos e obxectos pesados, coñecer e alimentarse aos animais... Se tentaba fixir podía ser maltratado e, en caso de conseguir fixir non tivo éxito nin recursos para sobrevivir.



- **Eran os escravos considerados cidadáns? Non, non tiñan dereitos.**
- **Tínan os mesmos dereitos os escravos e os libertos? Non, os libertos, a diferenza dos escravos, tiñan algúns dereitos civís e políticos.**

SOLUCIÓNS

• Eran os escravos considerados cidadáns? *Non, non tiñan dereitos.*

• Tiñan os mesmos dereitos os escravos e os libertos? *Non, os libertos, a diferenza dos escravos, tiñan algúns dereitos cívís e políticos*



• Visita esta [ligazón](#) e responde as preguntas: Como se chamaba o líder da máis famosa rebelión dos escravos romanos? A que se dedicaba este líder? Tivo éxito a rebelión?

O líder da rebelión chamábase Espartaco, era un gladiador. A rebelión non tivo éxito e os escravos foron castigados polas autoridades romanas.

• OMira as escenas de arriba e conta como podía ser un mal día para un escravo Que tarefas fixo? como o trataron?Que podía pasarlle se tentaba fuxir?

Nun mal día un escravo no campo podía realizar os traballos máis pesados, como arar a terra, recoller e transportar produtos e obxectos pesados, coídar e alimentar aos animais... Se tentaba fuxir podía ser maltratado e, en caso de conseguir fuxir non tería refuxio nin recursos para sobrevivir.

É VERDADE QUE...	VERDADE	FALSO
Os libertos podían casar con persoas libres?	x	
Os libertos podían chegar a ser senadores?		x
Os escravos podían viaxar sós polo Imperio?	x	
Os libertos non podían votar?		x
Na antiga Lugo viviron escravos que viñan de Italia e outras provincias do Imperio?	x	
Os libertos seguían vivindo cos seus antigos amos?		
Os libertos podían deixar herdanza?	x	
En Lucus Augusti viviron escravos que se dedicaban á administración pública?	x	
O centurión que viviu na Domus do Mitreo liberou a dous	x	